

Venres 11 de setembro de 2020

18:30 h Auditorio do CGAC
Charla con Cabello/Carceller
Modera: Mónica Maneiro

20:00 h Parque de Bonaval
Rapear filosofía. Cabello/Carceller. Con Menina Arroutada, García MC, Rendi Nue e DJ Mill

Rapear filosofía: Foucault, Sontag, Butler, Mbembe, 2016 - en proceso

Existen moitas maneiras de interpelar un texto, non só a través da lectura pausada. *Rapear filosofía: Foucault, Sontag, Butler, Mbembe* indaga na procura dos ritmos internos que posúe a escritura teórica e na maneira como estes ritmos afectan os significados que nos transmite. Para iso, decidimos desestruturar os modos de lectura tradicionais, nesta ocasión performativizando unha selección de ensaios a través das cadencias que lles confire unha interpretación rapeada das súas letras.

Sobre diferentes bases musicais seleccionadas por DJ Mill, acompañadas das voces dos pensadores, os MC Menina Arroutada, Rendi Nue e García fan súas as palabras, as sílabas, os fonemas, convertendo en partitura unha selección de fragmentos dos textos elixidos.

Para este concerto seleccionamos catro textos de catro autores preocupados por como o poder institucional utiliza a violencia no control dos comportamentos humanos: Michel Foucault para referirse ás tecnoloxías do poder que utiliza o modelo de Estado xurdido a partir do século XVIII na súa necesidade de controlar as poboacións. Achille Mbembe para referirse aos actuais sistemas de goberno que utilizan a devastación e o asasinato como ferramentas políticas para a anulación do outro. Susan Sontag, pensadora comprometida, concienciada polos efectos da guerra na antiga Iugoslavia e en Ruanda, reconduciu o seu libro *On Photography* (Sobre a fotografía), e en *Regarding the Pain of Others* (Diante da dor dos outros) reflexionou sobre a importancia do uso da fotografía para deixar constancia dos horrores da guerra, á maneira na que Goya deixou constancia nas súas pinturas e gravados, superando a estetización da morte e a tortura, da dor. Por último, Judith Butler, filósofa coñecida por introducir o concepto de performatividade do xénero e por situar as teorías *queer* no centro da filosofía política, reflexiona en *Precarious Life* (Vida precaria) sobre a necesidade de aprehender o sufrimento e a violencia a través das imaxes.

Martes 15 de setembro de 2020

18:30 h Terraza do CGAC
Pablo Fidalgo, *Qualcosa nascerà dá noi*

Estrea en España

19:30 h

Encontro co artista

Mércores 16 de setembro de 2020

18:30 h Terraza do CGAC

Pablo Fidalgo, *Qualcosa nascerà dá noi*

Qualcosa nascerà dá noi

Pouco tempo despois de chegar a Roma, alguén que coñecía o meu traballo co documental e coa miña historia familiar, puxo nas miñas mans unha correspondencia. Eran cintas de casete gravadas por un home que lle falaba a unha muller. Ao longo de 30 anos enviou esas cintas a América e nelas contábase o que parecía unha intensa e estraña historia de amor.

Este home, do que apenas temos datos e que segue vivindo, aos seus 85 anos, nunha vila dos Apeninos, era un completo misterio para nós e nunca puidemos chegar a coñecelo. Apaixonado pola literatura mística, nesas cartas falaba de varios escritores que eu lera, traducira e estudara durante anos: Cristina Campo e Mario Luzi. Durante case seis meses estiven a escoitar, transcribindo e seleccionando os fragmentos de cartas. Juan Lorient falárame sempre do significado de gravar, mostrárame os seus miles de cintas de casete onde gravara, pódese dicir, toda a súa formación e toda a súa vida. Era necesario que el fose o intermediario, quen compartise e lle puxese voz a esa historia.

Así, todo se desenvolve como unha acción sinxela. Esta é unha peza sobre unha correspondencia amorosa, pero tamén un percorrido pola historia italiana, polas vidas caladas e repregadas e, con todo, dalgunha maneira, plenas.

Venres 18 de setembro de 2020

19:00 h Vestíbulo do CGAC

La Ribot, Pièce distinguée n.º 45

20:00 h Inauguración da exposición *La Ribot, manual de uso*

Comisariado: Iñaki Martínez Antelo

20:30 h Auditorio do CGAC

Conversación entre La Ribot e Juan Lorient

Moderador: Iñaki Martínez Antelo

21:15 h Cafetería do CGAC

Clausura do festival

La Ribot, Pièce distinguée n.º 45